


Unidade 10. Un constipado de xabaril

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Hai moitísimos anos Xosé, un dos fillos de Xacob, vivía en Exipto. Era un dos criados do faraón deste reino. Xosé tiña o don de interpretar os soños do seu señor o faraón.

Un día, o faraón soñou que había sete vacas gordas xunto ao río Nilo; despois viñeron sete vacas fracas e comeron ás vacas gordas. O faraón preguntoulles aos mellores sabios, pero ningún soubo interpretar este soño. Un día, comentoullo a Xosé, o seu criado. Este, despois de pensalo, díxolle ao faraón: «As vacas gordas indican que virán sete anos de grande abundancia para Exipto. Pero a estes seguirán sete anos de fame, as vacas fracas. O reino deberá gardar alimentos da época de abundancia para o tempo de fame». O faraón así o fixo e librou o seu pobo da fame.



1 Contesta.

• Como librou o faraón o seu pobo da fame? _____

• Que farías ti se foses o faraón? _____

Unidade 10. Un constipado de xabaril

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

2 Fíxate na ilustración e di o que indicaban no soño do faraón.





3 Subliña o que quere dicir: «xa virán as vacas fracas».

Que sempre van chegar épocas de pobreza.

Que hai que aforrar para cando veñan os malos tempos.

Que hai que gozar dos bos tempos.

4 Escribe unha situación á que se poida aplicar a expresión anterior.

Unidade 10. Un constipado de xabaril

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

5. Escribe con verbos cousas que fixeras onte e que esteas facendo agora.

Onte	Agora

6. Rodea os verbos en presente de vermello e de azul os que estean en pasado.

Onte foi a festa de Uxía. Xogamos a moitas cousas. Hoxe estamos cansos e non podemos case movernos. Foi un gran día.

7. Completa.

	presente	pasado
mandar	mando	mandei
coller		
casar		
correr		
cantar		

Unidade 10. Un constipado de xabaril

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

8. Marca a opción correcta e fai unha oración con cada unha.

gerra	guerra	guiso	giso
-------	--------	-------	------


- _____.
- _____.

9. Completa con x ou ll e escribe unha oración con cada parella.

- pae__a / a__uda

- __abaril / mi__o

10. Escribe os nomes dos debuxos.



Unidade 10. Un constipado de xabaril

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

11. Completa a táboa segundo o exemplo.

editorial	editor/a		froiteiro/a
	fontaneiro/a	tradución	
secretaría		xulgado	
xornal			historiador/a

12. Escribe o que fai cada un destes profesionais.

Editor/a: _____

Paleontólogo/a: _____

13. Escribe un textiño sobre a túa profesión preferida.

